



INFORME DE LEGALIDADE SOBRE O *PROXECTO DE ORDE POLA QUE SE DETERMINA O HORARIO XERAL DE APERTURA E PECHE DOS ESTABLECEMENTOS ABERTOS AO PÚBLICO E DE INICIO E FINALIZACIÓN DOS ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E DAS ACTIVIDADES RECREATIVAS*

Esta Secretaría Xeral Técnica, de conformidade co establecido no artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e o sector público autonómico de Galicia, e logo de examinar o “*Proxecto de Orde pola que se determina o horario xeral de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas*”, emite o seguinte,

INFORME

1. Marco normativo e competencial

A Comunidade Autónoma de Galicia ten competencia exclusiva en materia de espectáculos públicos, consonte o establecido na Lei Orgánica 16/1995, do 27 de decembro, de transferencia de competencias á Comunidade Autónoma de Galicia, que mantén a reserva para o Estado das competencias relativas á seguridade pública e a facultade de ditar normas que regulen os espectáculos taurinos. A materia de espectáculos públicos abrangue as actividades recreativas, tal e como sinalou o Tribunal Constitucional no Auto 46/2001, do 27 de febreiro.

Para o pleno exercicio desta competencia, o Real Decreto 1640/1996, do 5 de xullo, regula o traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia na dita materia, e mediante o Decreto 336/1996, do 13 de setembro, asumíronse as funcións e os servizos transferidos.

Con base na devandita atribución competencial, promulgouse a Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia. O artigo 4 c) desta normal legal establece que lle corresponde á consellería competente en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas determinar o horario xeral de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas. Así mesmo, o artigo 5 f) dispón que lle corresponde aos concellos autorizar as ampliación e reducións sobre o horario





xeral, atendendo aos criterios, aos supostos e as circunstancias que, de ser o caso, figuran na orde de horarios prevista no artigo 17.

O artigo 17 do texto legal citado establece, no seu número 1, que mediante orde da persoa titular da consellería competente na materia, e logo do informe da Comisión de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, determinárase o horario xeral de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e as actividades recreativas. E engade, no seu número 2, que a orde que determine os horarios de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e as actividades recreativas poderá establecer os criterios, os supostos e as circunstancias que permitan aos concellos autorizar, de xeito motivado, ampliacións ou reducións sobre o horario xeral.

A consellería competente en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas na Comunidade Autónoma de Galicia é a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O texto da orde é froito do acordo acadado nos dous Grupos de Traballo – o do sector dos espectáculos públicos e o do sector das actividades recreativas- constituídos ao abeiro do disposto no artigo 15 do Decreto 82/2018, do 2 de agosto, polo que se regula a Comisión de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas

2. Necesidade e oportunidade

De conformidade co disposto no artigo 129.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, no exercicio da iniciativa lexislativa e na potestade regulamentaria, as administracións públicas actuarán de acordo cos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficacia.

En virtude dos principios de necesidade e eficacia, o interese xeral vén motivado pola aprobación e entrada en vigor da Lei de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia e a tramitación dun novo catálogo de espectáculos públicos, actividades recreativas e establecementos abertos ao público que incorpora novas tipoloxías e suprima algunha das existentes, o que obriga a adaptar necesariamente os horarios existentes na actualidade.



O proxecto cumpre co principio de proporcionalidade, xa que contén a regulación imprescindible para atender as necesidades a cubrir.

Coa finalidade de garantir o principio de seguridade xurídica, este proxecto trata de facilitar as funcións dos operadores técnicos e xurídicos, ao poñer a súa disposición un marco normativo estable.

Por outra banda, o texto foi debatido nos dous grupos de traballo nos que estaban representados todos os sectores afectados.

En cumprimento do principio de eficiencia, o proxecto de orde evita cargas administrativas innecesarias e racionaliza a xestión dos recursos públicos.

Cómpre, xa que logo, darlle cumprimento ao anteriormente exposto no que atinxe ao desenvolvemento normativo da Lei 10/2017, do 27 de decembro, e, en consecuencia, debe ditarse para tal fin a norma regulamentaria que aprobe os horarios de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e as actividades recreativas.

3. Estrutura e contido

O presente proxecto de orde consta de 13 artigos.

Así mesmo conta con unha disposición derogatoria que afecta á Orde do 16 de xuño de 2005 pola que se determinan os horarios de apertura e peche de espectáculos públicos e establecementos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia, e unha disposición derradeira que fai referencia á súa entrada en vigor.

4. Tramitación

Polo que respecta á instrución na elaboración do proxecto normativo, esta acomodouse ao procedemento legal e ás prescricións contidas nos artigos 40 a 44 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (LOFAXGA).

Así, a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, centro directivo impulsor remitiu ao Servizo Técnico Xurídico o borrador da disposición acompañado dos seguintes documentos:

- Unha memoria xustificativa (artigo 41.3.a da LOFAXGA).
- Unha memoria económico-financeira (artigo 41.3.b da LOFAXGA).
- Unha táboa de vixencias (artigo 41.3.d da LOFAXGA).

Así mesmo, consta o acordo previo de inicio do procedemento de elaboración da dita disposición asinado pola persoa titular da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (art. 41.1 da LOFAXGA).

Unha vez recibida a documentación e, logo do seu estudo, o Servizo Técnico- Xurídico da Subdirección Xeral de Réxime Xurídico, elaborou o preceptivo informe (artigo 41.3 c) da LOFAXGA)

Seguidamente, o Servizo Técnico-Xurídico obtivo a aprobación inicial do anteproxecto como proxecto pola persoa titular da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (artigo 41.4 da LOFAXGA).

Unha vez aprobada inicialmente a disposición como proxecto, esta publicouse na páxina web da Consellería, na relación dos procedementos de elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral que estean en curso, indicando o seu obxecto e estado de tramitación, así como a posibilidade que teñen as persoas de remitir suxestións e a forma de facelo (artigo 9 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e artigo 41.5 da Lei 16/2010, do 17 de decembro).

Posteriormente o Servizo Técnico-Xurídico solicitou os informes dos órganos e unidades administrativas que debían pronunciarse sobre o texto do proxecto.

Así mesmo o órgano tramitador, o Servizo Técnico Xurídico, someteu o proxecto á audiencia da Presidencia e do resto de Consellerías da Xunta de Galicia así como ás entidades indicadas pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior.

Consta no expediente o informe da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior sobre as suxestións presentadas durante a exposición pública así coma as alegacións formuladas durante o trámite de audiencia, téndose presentado estas por: FEGAMP, Pablo González Fraguas, Lorenzo Barro Pardo, a Asociación de Hostelería de A Coruña, Patricia Moar Arias, Por Chantada, Candidatura de unidade Popular, Clubcultura, Asociación Gallega de Empresas Operadoras, Martín Piñeiro, Tania Oreiro Vilariño, Martín Romero, Aurelio Añón Esmorís, Mónica Queijo Verdía, Asociación Músicos ao Vivo, Efrén Pereira Álvarez, Rubén Veiga Vázquez (en representación de varios interados)

Por parte da administración xeral, presentaron alegacións as consellerías de Cultura e Turismo e Sanidade.

De conformidade co disposto no artigo 42 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, foi preciso solicitar informe económico-financeiro á Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos.

Ao tratarse dunha disposición administrativa de carácter xeral que puidera ter repercusións en cuestións de xénero ao abeiro do disposto no artigo 8 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, e do artigo 42.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, resultou preciso requirir informe sobre o seu impacto de xénero.

Ao non tratarse dun proxecto que afecte á estrutura orgánica, métodos de traballo, procedementos administrativos e burocráticos ou réxime do persoal da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou do sector público autonómico, non resultou preciso solicitar o informe da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma administrativa (artigo 42.7 da LOFAXGA).

O 3 de setembro de 2019 a Secretaría Xeral de Igualdade emitiu o seu informe no que indica que o texto do proxecto, de carácter eminentemente técnico, non presenta unha repercusión directa na perspectiva de xénero, polo que non engaden valoracións nin recomendacións.

A Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos fixo un requirimento relativo aos ingresos das taxas por servizos administrativos en materia de ampliación de horarios. A Dirección Xeral de Emerxencias e Interior achegou a pertinente memoria aclaratoria, polo que a Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos emitiu o preceptivo informe favorable con data 16 de setembro de 2019.

Á vista das alegacións e dos informes recibidos, o 17 de decembro de 2019, a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior emite un informe no que resolve aceptar as alegacións que considera pertinentes, modificando, en consecuencia, o texto e rexeitando motivadamente as que non proceden.

Igualmente achegan certificado do informe favorable ao proxecto de orde da Comisión de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas de Galicia reunida na sesión do 9 de decembro de 2019.

Finalizada a fase de documentación e consulta recollida previamente, o proxecto someteuse a informe da Asesoría Xurídica Xeral, que se pronunciou sobre cuestións de legalidade e técnica normativa, segundo o disposto no artigo 43.1 da LOFAXGA, emitindo o seu informe o 11 de febreiro de 2020, no que realiza unha serie de observacións.

Co fin de adecuarse ao informe da Asesoría Xurídica Xeral, a Secretaría Xeral Técnica remite a seguinte documentación:

- Memoria xustificativa complementaria
- Texto definitivo do proxecto

5. Legalidade

En cumprimento do disposto no artigo 12 da Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia e de conformidade co artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, o proxecto someterase a ditame do Consello Consultivo de Galicia previo á súa aprobación definitiva pola persoa titular da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.



De acordo co indicado considérase que o proxecto de “*Orde pola que se determina o horario xeral de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas*”, reúne as condicións esenciais para a súa aplicación e efectividade polo que se informa favorablemente (artigo 43.2 da Lei 16/2010, de 17 de decembro).

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2020

A secretaria xeral técnica

Beatriz Cuiña Barja